

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 31

PRIMAVERA

2011



LOIS PEREIRO  
FOTO DE XOSÉ ABAD

## COLABORACIÓNS

Xuxo Torres, Manuel Fiaño Sánchez, Xulio Rozados, Elena Veiga Rilo, Gabriela Rodríguez, Mario Marcos Pardo, Víctor Tizón, M<sup>a</sup> Virgínia Monteiro, Fernando Botto Semedo, Eduardo Olímpio, Cândido da Velha, Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Manuel B. Dans, Xulio L. Valcárcel, Dionisio Pereira, Moncho do Orzán, Xoumiña, Xosé Lois Sobrino e Baraxeiro.

## TEXTOS

Lois Pereiro

## DESEÑOS

Víctor Tizón, Sabela Arias e Luis Otero.

## COORDENA

Suso Torres

## IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

## FOTOGRAFÍAS

Veiga, Baraxeiro, Andrade, Arquivo familiar de Lois Pereiro e Arquivo Eira Vella

## MAQUETA

Equipo Xerri

## D.L.

C - 1696 /96

Permítase e agradécese a reprodución, citando a procedencia.  
O noso e-mail: eiravellabetanzos@yahoo.com

A.C. EIRA VELLA. Rúa da Pescadaría, 2.  
BETANZOS 15300. GALICIA.

## Actividades da A.C. Eira Vella

### Recital Rosalía

O 24 de febreiro tivo lugar un recital arredor do "Día de Rosalía", seguindo a convocatoria da Asociación de Escritores en Lingua Galega e contando coa colaboración do CEIP Vales Villamarín.

### Presentación do libro de Manuel Monge

O 18 de marzo presentouse o libro "A historia secuestrada polo franquismo", editado por Laiovento, con presenza do autor, intervindo o historiador betanceiro Xesús Torres e o editor Francisco Pillado.

### Homenaxe ás vítimas do 36 e presentación do libro de Luis Cortiñas

O 14 de abril realizouse unha homenaxe ás vítimas betanceiras de 1936 diante da placa que colocamos á entrada do Museo das Mariñas nun acto con música, poemas e emoción.

A continuación presentouse a edición en galego do libro de Luis Cortiñas "Traizón consagrada (A gran derrota do pobo hispano)", editada por Eira Vella, con intervención de Xesús Torres Regueiro, Tomás López Loureda e Xesús Torres Loureda.

### Presentación de "Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria"

O 28 de abril presentouse o libro de Francisco Rodríguez con presenza do autor, proxectándose ademais un vídeo.

### Letras Galegas 2011: Vento Lois e Coñecendo a Lois Pereiro

Dous actos relacionados co poeta Lois Pereiro tiveron lugar en días seguidos, o 12 e o 13 de maio. O recital expansivo "Vento Lois", que se celebrou en moitas localidades do país e mesmo de fóra, tamén tivo eco en Betanzos da man de Eira Vella, alumnos do IES Francisco Aguiar e do CEIP Vales Villamarín.

Pola súa banda Manuel Rivas, Miguel Mato e Xulio L. Valcárcel, compañeiros no colectivo "De amor e desamor", deixáronos as súas opinións e impresións sobre o homenaxeado no acto "Coñecendo a Lois Pereiro".

### O blogue de Eira Vella

Visita o nosob blogue  
<http://eiravellaac.blogaliza.org/>

### Intercambios

A Xanela intercámbiase con outras publicacións culturais. O noso enderezo:  
A.C. Eira Vella. Pescadaría, 2. 15300. Betanzos

## Agradecementos

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) pola súa fidelidade e axuda.

Á **Deputación Provincial da Coruña** pola axuda que nos concedeu para a edición dos números de Primavera e Outono da Xanela.



## Secou a cepa da rúa do Ouro

Secou a cepa que había  
na casa número seis  
da rúa do Ouro.

Nacera dentro e asomábase  
ao exterior para ofrecernos  
o aviso puntual das primaveras,  
o esplendor do verán  
e o óxido dourado dos outonos.

Dende o alto da rúa Travesa,  
en chegando á rúa do Ouro,  
un torcía instintivamente a cabeza  
para comprobar satisfeito  
que a cepa aquela seguía viva  
outro ano máis en renovado ciclo:  
os botóns abrochaban,  
as vidras extendíanse  
e as follas gañaban paseniño  
o ancho todo da fachada.

Secou a cepa da rúa do Ouro  
e ficou o seu tronco murcho  
nun inverno permanente.

A rúa do Ouro é máis pobre agora.

**Xuxo Torres**

# Sobre as gaiolas

Non son un becho ao que alimentar.

Son o corvo  
pendurado da luz  
(branca)  
remontando o abismo  
á velocidade etérea do son,  
para deixar caer as ás  
cando o precise.

Letargo breve.

Abrir as pálpebras,  
despregar a envergadura  
(completa)  
do meu ser  
ao ar.  
Aínda teño folgos  
para voar máis lonxe.

Definitivamente non son un becho.

**Gabriela Rodríguez**

## Como son

Son estaca aguzada,  
pouta de aguia,  
dentame de lobo,  
espiñas,  
xogo de coitelos.

Son epiderme,  
xugular,  
pranto,  
útero,  
femoral.

Nítidos os contornos e integrados os contrarios no meu ser.

Son auga que corre e vento nordés,  
marea,  
pescuda,  
fanico no corpo,  
hiperactividade.

Son rocha e mosteiro,  
silencio,  
baleiro,  
zen.

Nítidos os contornos e integrados os contrarios no meu ser.

**Mario Marcos Pardo**

# Tempo de matanza

Manuel Fiaño Sánchez

Un vento frío percorría toda a aldea naquela mañanciña de outono. Era tempo de castañas e de matanza.

Moi cedo, un vello camión subiu pola empinada estrada nacional seis. Ninguén o veu pasar. Ou quizás si. Pero ninguén sospeitou do cargamento que transportaba.

A aldea espertou de súpeto co son de varios disparos de fusil. A estes, seguiron outros sete de pistola cunha marcada distancia entre si. Un olor a pólvora veu no aire e envolveu os currunchos. Un forte olor a morte entrou polas portas das casas e instalouse nas lareiras, que naquelas primeiras horas, quentaban os vellos potes co almorzo.

A mañá quedou cortada por un coitelo de medo. Todo semellou paralizarse, e o silencio fíxose dono do frío amencer.

Alguén deu o primeiro aviso, e a nova percorreu toda a aldea de porta en porta coma o lume nunha bouza. Ninguén se atreveu a subir ao monte para confirmar a mala nova. O medo podía máis ca curiosidade.

Ás oito e media uns homes chegaron na procura dun carro para facer un servizo de transporte. O elixido xunguiu as vacas, e con paso lento, home e vacas, comezaron a subir polo camiño que levaba á Chousa Grande.

Sete homes derrubados na cuneta, ao carón da estrada agardaban, xa sen vida, no medio de varias pozas de sangue. Coma sete ourizos abertos aos que se lles roubou a castaña que gardaban nas súas entrañas. Sete corpos sen vida, coma sete ourizos petelados, violados, baldeiros.

Á media mañá, cando xa o sol estaba no alto, o carro baixou paseniño, cargando cos sete

homes que non había moito ían metidos na caixa daquel vello camión que subiu pola empinada estrada nacional seis. Ían sen vida, facendo o camiño de volta, cara o cemiterio dunha parroquia que non era a súa. Os uns derriba dos outros, coma os ourizos que caen ao pé do castaño.

As xentes da aldea asomábanse ás portas para ver pasar o estraño cortexo fúnebre. Os homes sacaban as boinas e baixaban a cabeza. As mulleres presinábanse, e os cativos buscaban protección agarrándose as perneiras de seus pais.

Unha foxa común, de tres por tres deu refuxio aos sete corpos, que foron tapados con terra fresca e negra coma a súa sorte. Unha foxa ó carón da vella muralla que pechaba o camposanto, pola entrada da fonte de San Antonio, sería o verdadeiro e último recuncho de paz para eses sete corpos. Unha terra estraña para eles, que a partir dese momento se convertería no regazo eterno.

Tódolos anos, sen fallar nin un só, esa terra amencía o Día de Defuntos, sen unha mala herba, e cuberta de flores. Nin unha lápida, nin unha cruz. Non era preciso. Todos sabían que alí estaban os sete corpos daqueles sete homes a quen, nunha mañanciña fría de outono, lles roubaran a vida nunha cuneta da estrada nacional seis.

Anos despois, noutra mañanciña fría do mes de outono, un daqueles nenos que se agarraban as perneiras de seu pai ao paso do carro fúnebre, debullou para min a triste historia, mentres andabamos a petelar ourizos.

Tamén era tempo de castañas, pero xa non era tempo de matanza.



ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO

# De como Inés de Castro foi debuxada a carboncillo

Elena Veiga Rilo

Un cazador de crocodilos morre pola picadura dunha raia no corazón. Cambia de canle, as noticias non lle prestan nun gran día coma hoxe...

A súa nai deixáralle meter o dedo na bechamel das futuras croquetas coma cando era pequeno, dúas, tres veces, permitíndolle degustar esa gloria furtiva falsamente prohibida que tanto lle prestaba.

Hoxe cruzou tamén cando o bonequiño estaba en vermello, esquivando a ollada dunha nena que o sinala e abre a boca estupefacta.

É consciente de non poder tampouco eliminar a burocracia coa vaca que dá leite semidesnatado pero faino, acariña cos dentes o cartón espenxado por arrincarlle a esquina con tanta impaciencia, esquecendo o vaso no alto do estante da cociña.

Sempre soubo que o feito de autopermitirse estas pequenas manías de rebelde (sempre sen causa) contribuía a que o seu mundo non se descontrolase. Só desa maneira podía aturar a súa vida disoluta de caricaturista nunha rúa de turistas.

Só desa maneira podía sentirse un pouco máis humano ante aquel home que lle estaba a contar o seu retiro espiritual en Monforte de Lemos, sentindo morriña da Alcobaça, dunha terra na que non pousara pé.

Só desa maneira podía pedirlle que pechase un pouco a boca para seguir co retrato mentres el lle está a relatar que é rei dunha patria na que reina tamén unha muller, a súa: a raíña morta, a

protagonista das noites cheas de crack e licor café ante a impotencia de coñecerse amante, a apuñalada diante dos fillos bastardos, unha Inés de Castro que desencadeou a guerra fratricida, as trabadas dun Pedro "cruel" aos corazóns dos asasinados.

Díxolle que inclinase a cabeza cara a dereita e seguiu a debuxarlle os corazóns aínda latexantes entre os dentes. Despois acompañouno con esa muller sen vida, ocupando o trono, reinventándoa unha vez máis a golpe de carboncillo, e ensinoulle o resultado final. Deixoulle que lle dese bicos con lingua ao papel, porque debuxada era unha morta que non cheiraba, á que non había que rodear con potas cheas de incenso ambientador.

A aquel home pareceulle grotesco que unha caricatura puidese ser tan real, que non fose a repetición dunha fórmula gráfica na que a súa Inés de Castro se parece á Obregón ou a Marichalar.

Abría os ollos dunha cuarta, reinventando a aquela raíña unha e outra vez, revivíndoa.

Mirou o debuxo como se miran as cousas bonitas, moito tempo e moitas veces.

Pagoulle sen regatear e el regaloulle unha funda plástica para que non se lle mollase a rapariga.

Volve para a casa dándose de conta de que algo tiña cambiado aínda que seguise cruzando en vermello, dándose de conta de que a punta do lapis fixera o mesmo co seu corazón que a raia asasina co dun cazador de crocodilos.



DESEÑO PORTUGUÉS DE INÉS DE CASTRO.

Aínda que daquela xa sabía que en Betanzos había señoritos foi durante a miña etapa de aspirante a monaguillo que coincideu ca miña asistencia á cataquesis e a miña incorporación ao coro infantil da parroquia de Santa María dirixido por Manuel Espiña, crego recentemente falecido do que sempre tiveron un garimoso recordo, cando se corporizou e se fixo visible a súa existencia.

Arredor da ábside central da igrexa, na parte dianteira das filas dos bancos, estaban os reclinatorios particulares. De boa madeira ben tallada, tapizados case sempre en terciopelo roxo, todos tiñan cravadas con dúas puntiñas no bordo dos apoiabrazos unhas plaquiñas ovaladas de cerámica branca nas que estaban rotulados cunha fermosa tipografía os nomes das usuarias. Como por exemplo: “Doña Virtudes Bastida Fontaiña”. Eses reclinatorios utilizábanos invariablemente unhas velliñas que sempre levaban velo, rosario e misal. Algunhas usaban unhas gafas pequeniñas de montura fina e dourada. Tiñan o pelo branco cortado e peinado como unha permanente informal pero nunca recollido nun moño como as vellas da miña rúa. Aínda que iban vestidas con elegancia, de negro case sempre, e ás veces doutras cores discretas, o principal rasgo que as distinguía era a súa extrema delgadeza. Se tivéramos que usar a linguaxe de hoxe diríamos que eran un pouco anoréxicas. Estas velliñas fracas e devotas eran as señoritas.

Desde que as “visualicei” mosqueoume tremendamente o seu famento aspecto. Nunca me cadrou a súa escualidez coa súa importancia e categoría. Un día entrando na casa con ese pensamento no miolo pregunteille a miña avoa:

Lela, ¿por qué as señoritas están tan delgadiñas?

E ela, nai de moitos fillos e xa avoa da primeira camada de netos, experta polo tanto en coller atallos para acortar os rallantes interrogatorios dos cativos, contestoume:


É que non lles justa o caldo.

Non moito tempo máis tarde entereime que non era así. Ás señoritas encantáballes o caldo.



ILUSTRACIÓN: LUIS OTERO





Shut! Calada  
e sem ruídos

(—que não deves acordá-los!...)

espreita os velhos  
doridos  
ingénuos versos  
dormidos  
nas gavetas  
de guardá-los

em poeiras do lembrar  
o tempo do ainda verão  
transformado em negro inferno  
de profundo longo inverno  
todo escura solidão

a esses os comungantes  
poemas dos sons distantes  
de uma história adormecida

a vir a vir tormentosa  
assim cortejo memória  
a vir em queixa acendida

diz: — Não! — aos velhos papéis  
—os das lembranças cruéis —  
não os queiras mais falantes

que não basta dizer: — não  
às memórias — pesadelos

numa muralha de gelos  
a esses diários do antes  
venha um silêncio  
prendê-los

### **Maria Virgínia Monteiro**



### **Neste dia infinito**

Vejo a tua face nos olhos inocentes  
Dos pequenos pássaros da tua alma  
Que incendeiam de Luz a luz desta tarde efémera.  
O resto teu vejo no palpar do sangue verde  
Das tuas árvores, minhas irmãs na irmandade  
Da vida fulgurante das primaveras infinitas.  
O poema é do teu rosto e fervilha mansamente  
Na verdade do meu sangue.

As tuas crianças são a alegria da tua alma,  
Próxima e quente, agasalhando estas palavras pobres  
Para que não se percam neste dia infinito

**Fernando Botto Semedo**

ILUSTRACIÓN: SABELA ARIAS

## Da Paz

da paz dos campos.  
da paz de quem semeia  
um grão de música  
uma nota de mel numa semi-colmeia.

da tua paz.  
do teu sorriso desdobrado de ternura  
caíndo  
per-  
pen-  
di-  
cular  
à madrugada.  
ouvir: não estás sozinho:  
em cada homem vivo  
vive um camarada.

da minha paz.  
de estar aqui, no gume de um sorriso  
e saber:  
de pouco valho, mas estou  
e sou preciso.

### Eduardo Olímpio



ILUSTRACIÓNS : SABELA ARIAS



## Tempo solar

*Memória de Rosalia de Castro*

Sua energia transforma  
a luz em vegetal: ergue-a  
na espiral do Tempo pelo espaço  
reservado a uma árvore

Grava a eternidade na pedra  
É o momento das pedras  
com o peso da amabilidade  
o sorriso que fará tudo possível  
se for possível sorrir

Transitoriamente  
a clorofila descreve nos ares  
o acesso a um dia de sol  
estampa seu verde  
na tinturaria dos vales

É a estação das mulheres amáveis  
de olhar premonitório  
as maos no ventre de pomicultura  
Mais que humanas: árvores consagradas  
no seio dos dias  
E os homens trabalham

**Cândido da Velha**

# San Vicente de Moruxo

**Xosé María Veiga Ferreira  
Juan Sobrino Ceballos**

A parroquia de San Vicente de Moruxo está composta polo Pedrido e Fiobre, nalgún tempo foi anexa de Bergondo. O nome do Pedrido posiblemente faga alusión a lugar de pedras ou a unha canteira, pero moito máis interesante, en canto a toponimia se refire, é a terminación en -bre, como é o caso de Fiobre. Foi este un tema que mereceu moita atención por parte de lingüistas como Jubainville, Menéndez Pidal, Moralejo ou Luís Monteagudo, xa que esta terminación dáse case exclusivamente na comarca das Mariñas, isto levou a artellar a teoría que estes nomes deslindarían o territorio dunha antiga tribo céltica que poderían ser os ártabros. É posible que esta palabra aluda a un outeiro, unha altura fortificada que se coñecerían máis tarde como castros.

No lugar de Montecelo estaba ubicado o castro. Nos anos oitenta, do pasado século, mostraba aínda as súas defensas e tiña unha boa conservación. A construción dun edificio e os peches de fincas con grandes muros de formigón, supoñemos que alteraron gravemente ou destruíron este ben patrimonial. Digo supoñemos, xa que o lugar do castro é completamente inaccesible.

A primeira noticia documental que temos do lugar de Moruxo é do ano 910, publicado por López Ferreiro na súa *Historia de la Iglesia de Santiago de Compostela*, na que unha tal Godoigia fai donación dun pumar en “...villa Mariniano... pumare aue dicitur Morobii”.



A RÍA DE BETANZOS Á ALTURA DE MORUXO



A PONTE DO PEDRIDO UNINDO VIÑAS E MORUXO

No ano 1218 temos outro documento (conservado no Arquivo Histórico Nacional) no que o Rei Alfonso IX dona ó mosteiro de Bergondo o que lle pertence dentro do coto do mosteiro, así como as freguesías de San Martiño de Daens e San Vincenzo de Moruxo (Muruiro). Foi César Vaamonde Lores quen situou aquela parroquia no lugar de San Isidro, no sitio que aínda chaman de San Martiño, e que estaría próxima ó Mosteiro de Bergondo. Pouco lle durou este coto ó mosteiro xa que no 1286 o Rei Sancho IV englobao dentro da xurisdición de Betanzos.

O lugar de Salinas entre o Pedrido e o Pazo de Mariñán, xusto ao lado da ponte da autopista, recórdanos a existencia dunha antiga explotación de sal. Coñecemos a súa existencia por documentos do Mosteiro de Sobrado no s. XII. A grande necesidade de sal para a pesca, a salazón da carne e os curtidos levou ós mosteiros a surtirse en pequenas explotacións coma esta. Non era un xacemento natural, senón pozas feitas con moito traballo e pouco resultado. Posiblemente xa no século XIV, co aumento do comercio, como nos conta Elisa Ferreira Priegue no seu estudo do comercio marítimo medieval, saíría máis rendible traer sal doutros lugares como Portugal ou Bretaña. Non se volve ter



A MODERNA IGREXA DE MORUXO

noticia desta explotación en documentos posteriores e xa no século XVIII, cando se realiza o catastro de Ensenada, contestan os veciños que non hai ningunha salina neste lugar.

No século XIV o abade de Cis, afora a Fernán Pérez de Andrade e á súa muller Sancha Rodríguez o Casal de Moruxo e outros lugares. Nos séculos XIV e XV era frecuente por parte dos nobres o uso da intimidación, tanto violenta ou non, para facerse coas terras dos mosteiros, actos que eran recriminados polos monarcas, xeralmente con pouco éxito. En concreto neste caso, Juan I pouco despois de chegar ó trono, no 1380, manda a Fernán Pérez de Andrade que deixase libre o Mosteiro de Bergondo co seu coto e tres cuartas partes de San Vicenzo de Moruxo, que ocupaba indebidamente.

Polas respostas do catastro de Ensenada coñecemos os límites da parroquia de Moruxo: "Arenal...Marco de pizarra do Forno...Marco Grande...Lugar de entrada de Villanueva...Seixo Blanco...Corredoira de Tavoas...Xunqueiras...Arenal Pasaxe Pedrido".

A igrexa é un edificio de planta rectangular, e que segundo Carré Aldao está no lugar que estaba outra anterior románica:

*"la iglesia rectoral, bello ejemplar románico en perfecto estado de conservación, fue demolido por el párroco habrá unos cuarenta años, edificándose sobre el mismo solar, otra nueva, por cierto bien pobre y antiestética".*

Nesta parroquia temos algunhas construcións civís que merecen ser mencionadas:

En Fiofre está o coñecido como Pazo de Aldao, de planta rectangular con torre cadrada formando unha L. A fachada principal simétrica con dúas alturas. Ten un xardín moi coidado. O acceso do xardín ó interior é por medio dunha escalinata con balaustrada de granito.

En Moruxo temos o Pazo do Curro, que segundo parece, orixinariamente era un torreón edificado en 1404. Actualmente agregáronselle dous corpos de edificios, aínda que o torreón actual é de



VISTA DO LUGAR DE FIOFRE NA PARROQUIA DE MORUXO

factura recente. Neste pazo viviu a poetisa Filomena Dato Muruais -era de súa irmá-, quen fixo unha defensa de Pérez Lugín sobre a autoría da novela "La Casa de la Troya" (Voz de Galicia, 29-10-1920):

*"Aquí, en este lindo rincón mariñán, empezé un verano a escribir la primorosa novela, y las primeras personas que tuvimos el placer de escuchar las cuartillas que escribía el preclaro novelista hemos sido nosotros, mi familia y yo, que las oíamos encantados."*

Outra casa singular é a coñecida como o pazo de Leis ou a Casa dos Colmelos, ten este nome por pertencer nalgún tempo a esta caste familiar (a casa matriz está en Lubre), coñecida na comarca polos seus feitos de armas na guerra dos Irmandiños, fronte ós ingleses de Drake ou na Guerra da Independencia. A pesares diso, foi Dona Evarista da Ponte, casada cun Colmelo, a de máis sona nas Mariñas, da que César Vaamonde Lores, na revista Lar, dicía:

*"...foi unha señora moito distinguida e ilustrada. Non so parte da ribeira leva o seu nome, por haberlle pertencido, senón que polas súas afeccións á agricultura introduxo na Mariña unha escolleita casta de patacas que inda hoxe dura e chaman evaristas."*

Comeza nesta parroquia de Moruxo (ou remata, segundo se mire) un elemento importante do noso patrimonio como son os xuncais. Estes humedais están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, un total de 850 Ha. Foron varios os intentos de transformalos, privatizalos ou mesmo desecalos, como propoñía Carlos Lemaur aló polo ano 1765. Era un pensamento xeral así o mesmo Carré Aldao (en 1920) considerábao unha meta para multiplicar a riqueza o de conquistar ó mar "esas praderas descuidadas, estériles hoy, riqueza inmensa que está esperando el día de su explotación..."

Os veciños dos xuncais estaban en posesión do dereito de corta do xunco e para iso poñían un día ó ano, por primavera. Ese día iniciábanse os



DÚAS VISTAS DO PAZO DO CURRO E DA PEDRA DE ARMAS QUE CAMPA NA SÚA FACHADA.



Un dos elementos arquitectónicos que máis destaca na parroquia é a ponte do Pedrido (estudada e publicada por Urbano Fra e José Luis Mosquera no *Anuario Brigantino* 1988). Foi unha obra que se alongou moito no tempo por diversos factores construtivos e históricos. Nela usouse un material novidoso no momento como era o cemento armado. Deron comezo as obras en 1922 pero non se concluíu ata 1943 e nela participaron tres arquitectos cos seus proxectos: Luciano Yordi (1922), César Villalba (1928) e Eduardo Torroja (1940). Este último responsable do arco central.

Ata a construción da ponte usábase o embarcadoiro que actualmente está á súa beira e transportábanse ós viaxeiros en bote ou nun “batel” segundo a necesidade.

Un dos usuarios deste transporte foi Frei Martín Samiento, quen na súa viaxe a Galicia en 1745 relátanos:

*“Barca do Pedrido. Aquí me embarqué, y corté la ría de Betanzos, para ir Bergondo y pasé por la aldea de Fiobre, y cerca de Moruxo y por San Ysidre...”*

Manuel B. Dans na revista bergondesa *O Adro* (2001) cóntanos unha lenda da veiga de Fiobre, na que un xigante esmagou a terra e os croios a golpes de zoco e fixo esta veiga para que unha rapaza da Campiña, da que estaba namorado, puidese ir descalza á praia do Regueiro.

É terra de numerosos e distinguidos veraneantes, un deles foi o artista, Ángel Ferrant (*Anuario Brigantino*, 1999, Mosquera), quen realizou diversas esculturas con materiais atopados nas praias de Moruxo: “Pescador de Sada” “Pájaro del mar”, “Bañista”, “Mujer del Regueiro”, “Mujer de Fiobre” ou “Aldeana de Fiobre”.



traballos despois do toque de campás, aínda que había algúns que o facían a destempo ou pechaban partes, o que dou motivo a numerosos preitos, así por exemplo no xuncal de Bergondo e Moruxo no 1849:

*... varios sujetos propas-*

*andose a segar junco en la junquera de Bergondo, conduciendolo indevidamente en carros y botes a sus respectivas casas antes del día señalado por el ayuntamiento de este distrito para la corta del junco por el vecindario reunido de las parroquias de Bergondo y Morujo, según se halla establecido por practica constante desde tiempo inmemorial...”*

HORREO EN MORUXO.

FOTOS VEIGA (PÁX. 11) E BARAXEIRO. (PÁXS. 12 E 13)



# A sociedade dos nosos deuses e heroes

**Manuel B. Dans**

Houbo un tempo no que deuses e homes coincidiron na illa de Eire e loitaron pola súa posesión nunha longa guerra de natureza tanto terreal coma máxica. As disensións internas no campo divino e, sobre todo, a sabedoría e o poder do máis grande druída de todos os tempos, Amerxín, precipitaron a vitoria humana. Os costumes, a filosofía e a relixión daquela época mítica quedaron recollidos no Leabhar Gabhala, o “Libro das Invasións”, onde comprobamos cómo a sociedade dos deuses, os Tuatha De Danann, e a dos humanos, os Fillos de Mill, gardan aínda algunhas semellanzas coa actual cultura nosa, pois non de balde, estes, os Milesiáns partiron nas súas naves desde a base ártabra de Brigantium.

## PEQUENA ANTROPOLOXÍA DIVINA

Na guerra, especialmente nos pequenos combates, era obrigatorio seguir unhas regras de nobreza entre as que figuraban a comprobación da igualdade dos armamentos dos contendentes e a observación dunha lei que prohibía que dous ou máis guerreiros atacasen un só. Non importaba tanto o resultado final da batalla coma o valor e as formas cabaleirescas despregadas nela, preferindo unha derrota heroica a unha victoria cativa coa esperanza de inmortalizarse nos versos dos bardos; por iso, a maneira despersonalizada e pragmática que tiñan os romanos de facer unha guerra total, sen honra, desconcertabáos e desmoralizabáos.

A música e a poesía (a “maxia verbal”, como lle chamaban), representaban as actividades culturais máis salientables no mundo celta: cando unha persoa quería louvar outra empregaba a fórmula “miña música es ti”. A aprendizaxe dos bardos pasaba por sete graos de perfeccionamento nos que, chegados ao máis alto, o poeta era un mestre que sabía cómo espertar os tres centros de enerxía creativa do corpo; tamén podían afinar unha arpa para inducir nos oíntes alegría, melancolía ou sono.

Igual que acontece hoxe entre os nosos avós críase na inevitabilidade do destino (DÁN), o que estimulaba o valor mais tamén a resignación;

coidábase que cada ser humano posuía un don innato, individual e máxico (BRÍ), que se manifestaba especialmente durante o luscofusco e que se opuña ao BUA, que aludía á habelencia adquirida pola forza de vontade. A relixión celta conservaba moitos máis rasgos animistas que pagáns, pois non consideraban aos deuses seres inmortais, senón unha antiga e poderosa raza que, non obstante, ficaba sometida ás leis da natureza; por esta razón procuraban o contacto coa divindade a través dun diálogo espiritual coas cuíñas máxicas, coas ondas do mar (“Ondas do mar de Vigo / se vistes o meu amigo”) e as árbores, ás que se lles chegaba, incluso, pedir permiso para tomar leña delas; todas tiñan un simbolismo, un poder determinado e vencellábanse a outros aspectos da vida: o bidueiro, por exemplo, estaba relacionado co comezo e coa limpeza, polo que se consagraba ao primeiro mes do calendario: novembro, e á primeira letra do alfabeto ogham (equivalente ao noso “b”); tamén se asociaba á nota musical “sol” e ó signo zodiacal cáncer. Mais a raíz das árbores era o carballo, en tanto que conectada co ceo, co raio e a maxia, de aí que fora a favorita dos druídas.

O druidismo consistía nunha iniciación esotérica que tiña por obxectivo final espertar as facultades durmidas da mente, o que se acadaba a través da meditación e, nalgúns casos, mediante o consumo de certas substancias coma un abrollo vexetal chamado “burbulla do sol”; a través desta visión aprendían que o tempo non era un fluír senón un espazo polo que se podía viaxar nos dous sentidos; tamén conseguían localizar a súa alma xemelga ao distinguir un punto de luz, normalmente invisible, sobre o ombreiro esquerdo da persoa interesada.

## ALGUNHAS CURIOSIDADES

Chama a atención coñecer a importancia que xa daquela se lle daba aos esbirros, considerados coma pequenos demos que saían do corpo e que se esconxuraban invocando o nome da deidade; outra maneira de protexerse contra as malas

enerxías consistía en facer o sinal dos cornos coa man, pero o aceno máis poderoso para afastar meigallos era a figa, unha figura dactilar que imita graficamente o acto sexual, práctica sagrada no paganismo, que ademais de liberadora e pracenteira traía boa sorte; con todo, podía ou non disfrutarse con romantismo: TÉAGAR era “abeiro, tenrura, amor” e o coito recibía a pavera expresión de “a amizade das coxas”, mentres que CLARÚ significaba, sinxelamente, “foder”. Tamén, durante as lumeradas do solsticio de verán, o Alban Heruin (San Xoán) se saltaban as chamas coa mira de “cociñarse” de novo, xa que a chegada a este mundo se sucedía previa cocción da alma no Caldeiro da Vida, razón pola que aínda hoxe se di das persoas non ben dadas que “lles falta un fervor”.

Sabemos que consumían valeriana para relaxarse, acendían incienso e velas, coñecían o cánnabis, a cervexa, a sidra e se embebedaban con viño; que se tatuaban a pel con pinturas e motivos que consideraban protectores; que había folgas de fame ou que os aneis non só se levaban nos dedos longos, senón tamén no polgar, un sinal da realeza que se completaba coa cor vermella nas vestiduras, tanto para monarcas coma para

guerreiros (o rei, por certo, debía situarse nas batallas sempre diante do seu exército); a cor azul, pola contra, representaba a maxia; o amarelo, o agradecemento, e o branco o baleiro, de aí que os nosos devanceiros castrexos tinguiran as súa roupas da cor contraria: a negra. Ao igual que nas sociedades civilizadas actuais os enfermos, os eivados e os vellos tiñan dereito legal (ORTHRUS) a recibir coidados e atencións por parte da comunidade, e as castes sociais non eran impermeables, proclamándose que “un home é sempre mellor có seu nacemento”. Asimesmo, a hospitalidade para cos forasteiros tomábase coma un deber e un motivo de orgullo ofrecela, chegando ao extremo de multarse a quen lle negase abeiro a un visitante que, pola súa condición de viaxeiro, traía novas doutros lugares. Igualmente resulta curioso descubrir como BO (vaca), á parte da referencia a un animal omnipresente na nosa cultura, se empregaba tamén coma piropo para as mulleres, nas que se estimaba a fortaleza e a farturencia nos seus encantos (non eran tempos para a anorexia, por máis que as películas que pretenden ser históricas inclúan actrices que a rozan para representaren a beleza no pasado).



GRAN CALDEIRO DE GUNDESTRUP (DINAMARCA), ATOPADO NO FONDO DUN LAMAZAL, CON DESEÑOS CÉLTICOS. MUSEO NACIONAL DE DINAMARCA EN COPENHAGUE.



# Aníbal Otero e a Terra de Montes: Lingüística e represión franquista

Dionisio Pereira

Como é sabido, no presente ano celébrase o centenario do nacemento, alá polas terras lucenses do Concello de Ribeira de Piquín, de Aníbal Otero Álvarez (Barcia, 1911-1974), pioneiro da lingüística galega ao tempo que unha magoada vítima máis do funesto golpe de estado do 18 de xullo de 1936. Non é moi coñecida a breve pero intensa relación de Aníbal coa Terra de Montes, un vincallo lembrado máis que nada polas súas achegas ao estudo do *verbo*, a lingua dos *arghinas*, pero que conta con outros episodios esquecidos dos que pretendemos dar conta eiqüé e agora.

Tal e como o recolle Xesús Alonso Montero na súa recente obra "*Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo*" (Ed. Xerais, 2011), a devandita relación comeza, que nós saibamos, coa presenza daquel peripatético e concienciado lingüista no Concello de Cerdedo no outono de 1935, coa teima de cubrir o cuestionario do Atlas Lingüístico da Península Ibérica impulsado polo "Centro de Estudios Históricos", dependente do Ministerio de Instrucción Pública da IIª República. Naquela altura, Otero xa levaba máis de un ano percorrendo Galicia de norte a sur, enchendo en cada localidade das 53 que elixiu dous cadernos de feitura oficial, un de fonética e outro de vocabulario.

Daquela, no 23 de outubro do ano en cuestión, o investigador achegouse á case que illada parroquia de San Pedro de Parada para entrevistar a un dos seus 125 habitantes, o señor Severino Vidal Beiro, de 63 anos, labrego e antigo emigrante en Brasil, Cuba e no Concello leonés de Cabrillanes, onde traballara canda outros conveciños cerdedenses nas minas de carbón da conca do Laciana. E naquela exhaustiva enquisa, que hoxe está custodiada con agarimo polo filólogo Antón Santamarina no Instituto da Lingua Galega, o Sr. Severino agasallou a Otero non só cunha chea de verbas e frases propias da contorna, tal que a expresión "*corren os surros*" empregada



ANÍBAL OTERO. FOTO G.E.G.

noutrora cando chovía a cachón e as augas pluviais limpaban os camiños inzados de estrume, senón que engadiu informacións de relevancia etnográfica tal que as lambetadas propias da zona, caso da vincha, as filloas de sangue e as torradas de manteiga molladas en viño.

Nove meses despois, virá o trebón. Nese intre, Aníbal Otero, que remataba os derradeiros cuestionarios recollidos polo Norte de Portugal, foi detido en Valença do Minho, acusado de espía pola policía portuguesa ignorante do significado das transcricións fonéticas incorporadas nos seus cadernos e devolto ás novas autoridades españolas pola Ponte Internacional de Tui. Condenado

á cadea de por vida nun Consello de Guerra, Otero comezará o seu calvario persoal por distintos penais: Tui, Vigo, Illa de San Simón, Burgos e, ao cabo, a Prisión Central de Figueirido, de onde sairá mediado o ano 1941.

Precisamente na Colonia Penitenciaria do antigo Lazareto de San Simón, na que ingresará o 27 de setembro de 1937, terá Aníbal Otero o seu reencontro con xentes da Terra de Montes. Alí, como apunta Antón Santamarina<sup>1</sup>, no transcurso do mes de outubro Otero aproveitou o tempo estancado dos penados para encher un sinxelo caderno escolar cun vocabulario do verbo dos canteiros de Presqueiras composto por 414 entradas, acompañadas por dous textos redactados en *arghina*. Naquel improvisado soporte, Aníbal non deixou constancia de quen fora o seu informante, mais agora sabemos polas listaxes de presos naquel illó fornecidas polo investigador Gonzalo Amoedo, que o único veciño de Presqueiras alí encanfurnado non foi outro que o canteiro Alfredo Iglesias Álvarez, senlleiro cadro do PSOE pontevedrés e antigo tenente de Alcalde do Concello de Forcarei, natural de Alfonsín, lugar de Santa Mariña de Presqueiras.

Alfredo, fora detido o 22 de xullo de 1936 en Codeseda (A Estrada), onde traballaba como

contratista no vial de Vilapouca, e vira moi comprometida a súa situación na cadea de Pontevedra tras as acusacións deitadas polo párroco falanxista da Magdalena (Soutelo de Montes) Aquilino López Picón, que, de xeito inaudito, comandara á brava o asalto ao seu domicilio de Alfonsín levado a cabo por un remuíño de gardas civís e membros da Garda Cívica de Forcarei, na procura de probas de cargo. Semellante “razzia”, deu como resultado a incautación dun carné de cando andara, alá polos anos 20, Alfredo emigrado nos EEUU, afiliado á Masons’ Union (Unión de Albaneis) integrada na central sindical International Working & Ove Book, así como un escrito datado en xaneiro do ano 1932 asinado por numerosos veciños da súa parroquia, pedindo a clausura temporal da igrexa de Santa Mariña mentres non se reparara o tellado, pois estaba en mal estado e xa caera enriba dos fregueses en plena Misa. Daquela, obra e graza da mala entraña do cura Aquilino de infausta memoria na zona, no sumario do Consello de Guerra o carné sindical mudou en carné “masónico” e o inofensivo escrito nunha instigación en toda regra a clausurar as igrexas e a erradicar a relixión no que noutrora fora solar dos Churruchaos.

En definitiva, Alfredo Iglesias zafará por pouco da morte mercé o testemuño favorable doutro crego, o benquerido abade da súa parroquia e canteiro vocacional Manuel Fraíz Garrido (alcumado “O Morrón”, debido ao seu devezo polo *arghina*), e dalgún veciño solidario caso de quen ocupara a alcaldía de Forcarei durante boa parte da República, o avogado Sabino Mariño Pereira. O veredicto daquel xuízo-farsa foi, porén, reclusión a perpetuidade, condena que o canteiro de Presqueiras comezou a cumprir na Colonia Penal de San Simón a partir do mes de febreiro de 1937. Alfredo Iglesias estivo naquel esfameado e húmido presidio ata mediados de outubro do mesmo ano, polo que con toda seguridade coincidiu un tempiño con Aníbal Otero; o xusto para servirlle de guieiro nos segredos do *latín dos canteiros*. Despois, Alfredo continuou o seu adoecido roteiro penitenciario: o Cuartel de San Cristóbal, perto de Pamplona; o sinistro Penal do Dueso, en Santoña; un batallón de traballadores en Villablino e de novo Santoña, de onde sairá en liberdade vixiada en agosto de 1943 á idade de 60 anos, sen traballo e case na miseria<sup>2</sup>. Non merecería tan sequera un recordo e unha homenaxe pola nova Corporación municipal de Forcarei?. Facemos votos por que así sexa.

Aínda habería un terceiro e último acto do itinerante vencello de Aníbal coa Terra de Montes: en marzo de 1941, perante a súa estancia no Cuartel de Artillería de Figueirido agora transmutado en penal, recolleu en tres cadernos un *Vocabulario gallego comparado*, froito das súas enquisas entre

compañeiros de prisión orixinarios de 43 localidades galegas, entre elas Cerdedo. Da quincena de veciños do Concello que daquela aínda penaban en distintas cadeas, descoñecemos cal deles informou a Aníbal Otero de expresións tal que “*alto coma un lara!*”, ou adxectivos coma *reberte* para definir rapaces travesos, randas e fedellos. Son palabras que hoxe están case que tan esquecidas pola veciñanza, coma a “memoria dos vencidos” cerdedenses por parte dos actuais mandatarios municipais; recuperalas, ten un significado compartido e xusticeiro: enfeitar a nosa lingua ao tempo que dedicarlles un librepensamento aos que arelaron liberdade e riqueza compartida para as súas vidas e, só por iso, foron represaliados de maneira implacable.



CARNÉ SINDICAL DE ALFREDO IGLESIAS

<sup>1</sup> Santamarina, A. “Contribución de Aníbal Otero a un vocabulario do “verbo” dos canteiros de Pontevedra”, en Boullón Agrelo, A. I. (coord.) “As tebras alumeadas: estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo”, Santiago, 2005.

<sup>2</sup> Ver Causa 525/1936, Tribunal Militar IV, Terra. Algúns autores, en ausencia de fontes rigorosas, esquecen de xeito interesado o seu periplo carcerario e atribúen a Alfredo Iglesias un imaxinario exilio nos EEUU tras o golpe militar; ver Barreiro, X. L. “Facendo historia sen fontes: os canteiros da Terra de Montes”, en Revista *Cotaredo*, nº 4, Forcarei, 2001.

Dionísio Pereira é historiador e membro da Asociación “Verbo Xido”

# Lois Pereiro



## CRONOBIOGRAFÍA

### 1958

Ano do seu nacemento en Monforte de Lemos, na rúa de Ourense, o 16 de febreiro.

### 1958 ó 1974

Reside en Monforte e estuda nos Escolapios. Os veráns no Incio, entre Reádegos e Santa Cristina, aldeas dos seus avós.

### 1975

Decide estudar Socioloxía e vai a Madrid. Pronto deixa a carreira e regresa a Monforte, traballando na cristalería familiar.

### 1976- 1981

De novo en Madrid, desta volta con Piedade, na Escola de Idiomas. Xunto con Manuel Rivas, Antón

Patiño, Reimundo Patiño, Fermín Bouza e Menchu Lamas, participa activamente na vida cultural da cidade, concertos, recitais, tertulias e a creación da revista *Loía*.

Na procura do achegamento aos seus referentes literarios, viaxa a Francia, Alemania, Bélxica, Irlanda, Gran Bretaña.

### 1981

Volta a Galicia con moi pouca saúde a consecuencia da intoxicación polo aceite de colza. Este feito marcará o resto da súa vida.

### 1982-1985

Reside na Coruña onde seu irmán, e fai dobraxes para a Televisión de Galicia. Colabora na fundación da revista *La Nave* e en audiovisuais experimentais.



LOIS CO SEU IRMÁN XOSÉ MANUEL



OS IRMÁNS PEREIRO COS SEUS AVÓS

Gaña o premio de poesía O Facho. Forma parte do grupo poético *De Amor e Desamor*, xunto con Manuel Rivas, Xulio Valcárcel, Miguel Mato, Pilar Pallarés, Lino Braxe, Miguel Anxo Fernán Vello, Francisco Salinas, Xavier Seoane e Xosé M<sup>a</sup> Monterroso, participando en libros publicados por Edicións do Castro.

**1992**

Edicións Positivas publica o seu primeiro libro, *Poemas 1981-1991*.

**1994**

Comunicáselle que padece a SIDA.

**1995**

Segundo libro, *Poesía última de amor e enfermidade*. Na presentación dos dous libros en Monforte, Manuel María foi o padriño de cerimonia.

**1996**

A enfermidade segue a facer estragos na súa saúde e o 24 de maio, morre na Coruña. Días antes, Manuel Rivas faille a derradeira entrevista, publicada na revista *Luzes*. Por desexo seu, no cemiterio de Sta Cristina de Viso repousan os seus restos, a carón do avó Hermenegildo e o tío Pepe.

**1997**

A revista *Luzes de Galicia*, no seu nº 28, publica un especial adicado a Lois, onde aparece a súa novela inédita *Náufragos do paradiso*.



LOIS NA ADOLESCENCIA



FOTOS ARQUIVO FAMILIAR DE LOIS PEREIRO

## Revisando os danos

A man dereita á dereita do corpo  
a man esquerda á esquerda.  
En plenas facultades,  
teño a cabeza no centro do mundo  
e voulle cambiando os argumentos  
ós meus soños escasos e prudentes.

nadal, 94

## Declaración

Amarte, vida, amarte case sempre  
inda que sexas dura e leves entremedias  
piedade e odio intermitentemente.

Es ti a que sempre educas e aceleras  
a doenza letal dos que non se resignan  
a ignorar como es em realidade:  
somentes um traxecto  
cómodo e aldraxante cara á morte,  
un tránsito inútil e innecesario.

Pero a ignorancia salva ós que non queren  
arriscarse a perderte tan axiña  
a cambio da renuncia a profanarte.

E aqueles dentes que perdín  
precisaríaos agora para defender  
as conviccións nas que me reafirmo.

Solidario e amable, se é posible,  
ou lobo estepario no desterro,  
completarei o círculo insurxente  
coas balas do desexo.

agosto, 95

## XXVII

Explórote cos ollos  
descúbrote por dentro  
profanando o teu sangue que levo ó meu desexo  
paséome por ti  
examino os teus procesos  
orgánicos  
mátote e morro em ti  
máis docemente

ou mellor  
inocúlame ti a min  
veleno dos teus dentes  
mergúllate no meu sangue  
inxéctate nas veas  
que te observan

e xa doente dóeme  
a túa dor no teu desexo  
berrando em cada óso  
e a túa morte  
mátame e resucítame  
para ó final  
morrerme

morre em min  
sobrevive  
letal amor  
que nunca perde  
o alento  
coa súa sede de amor  
e os seus cinco  
sentidos

agosto, 95

De "poesía última de amor e enfermidade  
1992-1995"



ASINANDO O SEU PRIMEIRO LIBRO  
NA PRESENTACIÓN EN MONFORTE.

## Remorsos

A néboa en Monforte fumadora de opio  
é a nai de siluetas furtivas  
e saúdo ó perigo que brilla  
na face escura dos teus soños  
a verquer nas veas a bágoa fatal.

E triste non dorme no fondo dos ollos  
medrando no reflexo eterno  
dos corpos afogados profecías  
cando baño a navalla destas artes  
no sangue doutro drama que se acolle  
no refuxio da túa arte máis lene  
coma unha man esférica que acepta.

“Eu son un deus sensual”  
e cando cae o sol  
frustrigo á beleza no mesmo cabalo.

De “poemas 1981-1991”

## Narcisismo

Sigo os pasos do sangue no meu corpo  
e coa unlla do meu dedo máis firme  
abro un sulco vermello en media lúa  
na vea que me acolle tan azul.



COLECTIVO “DE AMOR E DESAMOR”: PILAR PALLARÉS, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, MIGUEL MATO, XULIO VALCÁRCEL,  
MANUEL RIVAS, FRANCISCO SALINAS, LOIS PEREIRO, LINO BRAXE, XAVIER SEOANE E XOSÉ DEvesa. A CORUÑA, 1984.  
FOTO XURXO LOBATO.

# Corpo Terra Poema

*A Lois Pereiro*

Estrofa rota ou canción inacabada  
xordes aló no fonal neboento  
dun souto milenario  
Na man traes un bimbio  
nos ollos canseira

Cando a dor queimaba  
ías como un morto ao seu cadáver  
pacente nai a agardarte

Enxoito paisano cósmico  
sen palabras nin cadeas  
retornas agora nunha espiral de abraio

Bendito ti Lois Pereiro  
que percorreche silandeiro e cego o peitoril do abismo

Bendito ti  
que sen deixar o Incio asombraches as lúas  
de Madrid e de Roma  
de Berlín e de Londres

Bendito ti  
que fixeches da dor unha ascese e da pureza un lume  
abrasádoche as veas

Bendito ti que achegache ribeiras distantes  
e teceches bandeiras rebeldes con fiaños de alma

Bendito ti  
que ollaches de fronte a luz máis terríbel  
e deixaches unha orquídea acesa no corazón da tebra

Bendito ti  
que descifrando o misterio ficache atrapado

Epidos inocentes  
hemos atoparnos  
Luis Manuel Sánchez Pereiro  
onde xa non importan  
nin os nomes nin as datas  
nin os versos

Bendito ti  
que conversas coa auga e meditas coa pedra

Bendito ti  
que confundiches corpo terra e poema



FOTO MANUEL VILARIÑO

*Asombrado de  
Luis Manuel Sánchez Pereiro  
onde xa non importan  
nin os nomes nin as datas  
nin os versos*

**Xulio L. Valcárcel**

## Carlos Rodríguez (1916-2010)

# O valor dun gaiteiro autodidacta

**Moncho do Orzán**

Peabody é unha vila estadounidense ao norte de Boston e Paradaseca, unha aldea galega pertiño de Quiroga. Carlos Rodríguez foi un músico aquí e dacolá, pois naceu nos EEUU mais veu vivir á terra do seu pai. Desta banda aprendeu a tocar a gaita, sentindo a Manuel Rodríguez, Gaiteiro do Toxo, e a Felisa de Bendilló, unha das mulleres pioneiras neste instrumento. Tamén aprendeu solfexo e mesmo algo de clarinete da man do seu proxenitor. Axiña comezou a facer arranxos para 'Os Trintas de Trives'.

De clara filiación socialista, incorporouse ás Sociedades Agrarias na II República e isto custoulle andar escapado até que no 38 tivo que se entregar ás autoridades do novo réxime, vindo cumprir cadea á Coruña. Pasada a guerra concedéronlle a liberdade, probablemente despois de que o seu pai pagase a influencia dalgún cacique. De volta en Paradaseca fundou 'Os Celtas', un grupo co que alegrar as xentes compensando as miserias da posguerra. Tamén participou da orquestra 'Ideal Monfortina'. Así, pouco a pouco e de xeito autodidacta, foi completando a súa formación musical con libros que solicitaba por correo.

No ano 50, facendo valer a súa condición de cidadán norteamericano, retornou á terra que o viu nacer. Sumouse axiña a un dos proxectos republicanos da diáspora: Casa Galicia de New York. Nela fundou o grupo de gaitas 'Terra, a Nosa' e colaborou intensamente no coro 'Airiños'. Nesta etapa tamén tocou en varias orquestras que animaban os bailes nas fins de semana, sendo 'Ecos de España' a máis sinalada. Ao se retirar, creou unha 'big band' e cultivou fecundamente as súas outras paixóns: a pintura e a fotografía.

A contribución de C. Rodríguez á música de noso destaca pola creación dun método de gaita (seguramente o primeiro da diáspora)

que non chegou a rematar e, sobre todo, por un excelente cancionero musical froito de máis de vinte anos de traballo. Sen dúbida, a importancia e a base deste seu legado reside, ademais do traballo de campo (aquí e acolá), na boa relación que mantivo cos coros 'De Ruada' e 'Toxos e Froles', de onde obtivo boa parte da información. Recorda en boa medida ao labor doutro grande da nosa música, Bal e Gay. Con todo, o broche de ouro a tan inmensa tarefa foron as melodías recollidas durante a súa estadia forzosa na Coruña. Aquí tomou contacto cos principais cuartetos mariñáns e con compañeiros reclusos que lle proporcionaron substanciosas cadencias que mesmo hoxe considerábanse perdidas. Sábese que non foi doada a recompilación, pois as máis das veces tiña que trazar as liñas do pentagrama cunha simple vara.

A base autodidacta e a constancia deste home deben seren consideradas como un gran exemplo do amor ás cousas da Terra, incluso nas condicións tan duras que lle tocou vivir. Vaia pois un sentido recordo para el neste primeiro cabodano que agora se cumpre.

CARLOS RODRÍGUEZ (Á DEREITA)  
E O SEU COMPAÑEIRO MARCELINO VILLANUEVA  
TOCANDO CON "TERRA A NOSA".





# Pequena lembranza da 1ª Festa do Viño Mosto

Xoumiña

¿Que é o que se estaba a celebrar, a **Festa do Viño Mosto** ou **Os Alborotados**? Ao meu parecer, vendo as fotos e botando man das lembranzas persoais, do que se trata é da Festa. Así, con maiúscula, recollendo e poñendo de manifesto (por se algunha dúbida houbera) o pulo e a tradición do viño no barrio da Ponte Vella. Para iso se organizou esa Gran Festa pola Asociación de Veciños (a primeira de Betanzos despois do ano 1975, e daquela a única), aproveitando que tamén era o día dos Alborotados, no que se dicía que baixaban os romeiros de San Cosme, no monte de San Antón (na parroquia de Mántaras, en Irixoa), para honrar a San Miguel na Igrexa de Nosa Señora do Camiño, e de paso ir á adegas do barrio a probar o mosto, e a seguir a troula (supoño que coa benevolencia do santo).

Aí está pisando a uva Manolo Regueiro (co seu permiso, “o pataqueiro”), os integrantes da comisión organizadora, e a morea de veciños do barrio, de betanceiros e romeiros (algún habería!) disfrutando dunha fermosa tarde de Alborotados e Viño Mosto.

Dicía o “Corresponsal” na Festa do “Cirolañas” (lebrades aquel boletín da Asociación de Veciños, con portadas do Andrade e artigos de Xoumiña?), no número 5 correspondente ao mes de outubro de 1979:


*“O día 29 do pasado mes de setembro, co gallo da festa dos Alborotados, celebrouse na Eira Vella, e a partires das 6 do serán, o 1º Día do Viño Mosto.*

*A asistencia de público foi masiva e todos poideron degustar, gratuitamente, o sabroso caldo elaborado coas uvas do país e, baixo a pericia do experto pisador Manoel Regueiro, todo elo amenizado por un grupo de gaiteiros.*

*Namentras a xente estaba a degustar o viño, os membros da comisión enteráronse que se atopaba na praza o noso veciño, o gran mestre da escoba, Pedro Bretón, a noticia correu e Bretón, recibido con fortes aplausos, ofreceunos un anaquiño do seu saber.*

*A festa continuou hastra altas horas do serán, en que xa cara á noite actuou na devandita praza unha coñecida orquesta”*

FOTOS: XOÁN ANDRADE



## Conversas co compositor Carlos López García Os anos de Buenos Aires (1940-1984)

**Xuxo Torres**

Continuamos as conversas mantidas en xaneiro de 2001 co desaparecido compositor betanceiro Carlos López García, “Chapa” (1922-2009), das que se publicou a primeira parte no número anterior de A Xanela. Logo da infancia e adolescencia en Betanzos, Carlos chega a Buenos Aires o 2 de marzo de 1940.

“Cheguei a Buenos Aires e encontrei unha cidade marabillosa”.

— *Ou sexa que ti foches en barco dende Lisboa. Tamén teu pai embarcara alí.*

— Dende Lisboa, si. Eu fun coa miña irmá, a Fina, que está alí na foto.

— *E recordas a viaxe no barco?*

— Si, como non o vou recordar. Porque aquilo foi tremendo.

— *Era a primeira vez que facías unha saída dos arredores de Betanzos.*

— Non, non, de Betanzos. Era a primeira vez que montaba nun barco así. Pero foi con tanta mala sorte porque xa empezara a guerra mundial no 39, xa afundiran aí en Mar de Plata en Montevideo, no 39 aquel acorazado de bolsillo que non recordo o nome, aínda estaba alí enterrado que se vian as torres. Xa empezara. Entón iamos no barco que era o England Cheftain, da Mala Real Inglesa, si, porque dous días antes iamos ir noutro, pero como empezara a guerra, tiñan medo, anunciárano no periódico por temor a que viñeran os alemáns e bombardearan, pois, este, cambiaron a data e nos avisaron en silencio “que vengán a los dos días; pasado mañana a tal hora aquí para embarcar”.

— *Como vos desprazáchedes a Lisboa?*

— A Lisboa no tren. Fomos ata Tui e alí pescamos un tren e fomos ata Lisboa. Durmimos nun hotel dous días en Lisboa. E despois saímos, sen anunciálo nos periódicos avisaron a tódolos pasaxeiros.

— *Cantos días duraba daquela a viaxe en barco?*

— Eu calculo entre 18, 20 ou 21 días, porque facía paradas, daste conta?, en Montevideo, antes de chegar a Arxentina. Apagaban as luces de noite porque tiñan medo e sempre estaban ao lado dos canóns os soldados ingleses no barco. Levaban canóns porque tiñan medo e para descubrir minas que había no mar. Todos os coidados había que telos alí. Recordo que unha noite un tipo empezou a tocar unha flauta e todos asustados, un fulano saía da cama en calzoncillos, correndo para arriba, porque tiñamos moito medo. Agora ao chegar a Sudamérica, a Uruguay, xa se foi todo eso. Estaban atentos e nos avisaban: “No enciendan ningunha luz, los ojos de buey cerrados si encienden la luz..”

— *Vos viaxabades na pasaxe máis económica?*

— Claro, lóxico, no de terceira clase, que vas facer?

— *Como era a vida no barco?*

— No barco, ben, comiamos, a hostia..., dábannos ben de comer, si.

— *Como foi a chegada?*

— Chegamos un sábado e a min parecíanme todos meu pai. E berraba eu: Papá! papá! E diciame miña irmá Fina: “Non ves que non é el?”. “Para min éo”. Pois non era el. Pois, a ostia! Pero claro, que pasa? Levaronos a dormir ao Hotel de Emigrantes, aí que está mesmo no porto. Eramos menores e non nos deixaban saír, ao non vir meu pai...

— *Non foi a recollervos?*

— Claro, porque non sabía, tiña a idea do primeiro que se suspendou. Entón, recordo que andabamos por alí polos xardíns onde está o hotel de emigrantes e veu unha señora correndo a abrazarme, a bicarme, e o fillo dela estaba ao meu lado, cria que eu era o fillo, un chaval de Pontevedra, que despois vino unha vez máis e nunca máis o volví ver.

— *Tiñas 17 anos nesa época?*

— Si, 17. Ela ía cumprir 19. Porque o problema de deixalos saír era aos homes, ás mulleres non. Daquela durmimos alí. E veu un señor que vía a miña irmá chorando e dixo “¿que les pasa?” E contámoslle todo. “Mi papá...”, e tal. “Saben donde vive?” E dímoslle a dirección de meu pai. “Mire, no sabemos el número, no lo recordamos ahora”. “¿Pero que hace el? ¿Tiene alguna ocupación?”. “El es músico, toca el clarinete”. Sempre tiña o costume meu pai de ensaiar un pouquiño na casa e este home recorreu, recorreu e recorreu ata que nunha casa escoitou o clarinete, e para, toca o timbre na porta e saeu miña irmá Carmen, a maior, e díxolle: “Aquí vive un señor que se llama así...?”. Si, vive. E saeu meu pai e díxolle: “Sus hijos están en el Hotel de Emigrantes”. Era domingo e non nos podía sacar. Pero meu cuñado, o marido de miña irmá a maior, que xa morreu, traballaba no ministerio de Obras públicas, ou algo así, que se dedicaban á construción e máis tamén ás terras, e falou co xefe del, que era o ministro, e díxolle: “Bueno, mira ven a casa y yo te doy una nota y vas a junto el jefe del

hotel para que los dejen salir de mi parte; además yo le voy a llamar por teléfono". E daquela foron nun taxi e nos levaron á casa. Pero miña irmá estaba chorando, eu tamén estaba disgustado, porque ademais nos separaron, os homes cos homes e as mulleres coas mulleres, no Hotel de Emigración. Despois

todo foi ben. Eu traballei de moitas cousas. Tamén fun tocar a romarías, cun grupo, para ganar cartos, despois ía ás provincias, a Córdoba e todo por aí.

— *Pero vivíades xuntos, con teu pai?*

— Xeralmente si, viviamos todos xuntos; todos xuntos na mesma casa non, pero cerca. Eu tamén vivín no Centro Betanzos, e todo eso... Pero despois dediqueime a estudar en serio música. Estudiei moitos anos cun profesor, un gran compositor ruso Jacobo Fischer.

— *A eso ías despois do traballo?*

— Si, buscaba sempre traballos para ter tempo. Por exemplo, nunha fábrica, traballei, primeiro dous anos... tiña turnos, de 6 da mañá a 2 da tarde, outra semana ou cada quince días, de 2 a 10, e outras veces de noite de 10 a 6 da mañá. Enton dábase tempo. Traballaba nas máquinas de tecido, de textil.

— *Era relativamente fácil atopar traballo?*

— Si, naquela época, si, era fácil. Despois traballei noutra un ano, despois na algodónera... Buscaba sempre traballos así, porque nunca me importou o diñeiro, chegar a ter cartos...

Eu chego a Buenos Aires e encontro de todo en Buenos Aires, é decir: teléfonos nas casas, ascensores, gas natural, boeno, de todo. Pero, claro que pasa, é unha cidade grande, pero que eu estiven en Madrid na casa dun parente meu, no 58, e non tiñan tampouco nada. En Buenos Aires había algunha casa tamén que cociñaban a queroseno tamén; poñíanlle o gas natural pero había que pagalo, pero xeralmente en Buenos Aires...

— *En pouco tempo teu pai para aforrar para as pasaxes, os cartos...*

— Foinos levando a todos pouco a pouco, menos os últimos, foron despois.

— *El alí en que se ocupaba, que traballo tiña?*

— El alí empezou a traballar de chapista e á vez tamén tocaba con conxuntos, en orquestras, con saxofón, clarinete, principalmente nas romarías, nos picnics, como lles chamamos alí, daste conta?. Iase defendendo. Os últimos que se foron, foi miña irmá Consuelo, Ricardo e miña nai que se foron no ano 51, chegaron alí non sei en qué mes do ano 51.

## E UN RAPAZ DE BETANZOS

o novo Director da Coral do Centro

Betanzos "Os Rumorosos"



BETANZOS, REVISTA DEL CENTRO BETANZOS, Nº 44 BUENOS AIRES, 1949

Teño unha anécdota moi importante. Chegaba un barco ou dous todos os días con miles de galegos, eh? Que non é cousa... e viñan colgados ao chegar a Buenos Aires. Puxeron unha mampara, unhas cordas para que a xente non puidera saír. E daquela cando vexo que baixa miña nai, me cago na ostia!, parecía un cadáver, con dous dentiños aquí e todo. E ademais observando estaban todos con ametralladoras, non deixaban pasar a nadie. Eu cando vin a miña nai, saltei o cordel aquel e fun abrazala e daquela xa viña un fulano, e outro "no, deja, contra esto no hai forza posible". Non foi esa a expresión pero supoño que foi algo así. Un fillo que encontra á nai, que lle vas facer? Deixaronos pasar.

— *Pasaran moitos anos dende que marchades vós.*

— Eu cheguei no 40 máis miña irmá Fina, o Rodrigo no 41, despois o Ricardo, Consuelo e miña nai no 51. Así que foi, non tanto, foi dez anos.

— *O de poñerse a estudar música en serio foi cousa de teu pai, insistíache el?*

— Non, foi cousa miña, meu pai non insistía. Saeu de min porque empecei a relacionarme con argentinos que tamén eran músicos, daquela dirixía coros eu e todo eso e daquela empecei a estudar harmonía, composición, etc...

— *A formación musical que levabas aquí de Betanzos era elemental.*

— Si, moi elemental, coñecer como tes que poñer os dedos e esas cousas, nadie nos enseñaba transporte naquela época, agora nos conservatorios si.

— *Alí nos primeiros tempos o emigrante que chega sempre busca contacto cos da súa terra.*

— Ah, sempre, si.

— *Ti conectaches co Centro Betanzos*

— Claro porque meu pai vai ao Centro Betanzos. Unha vez no primeiro antroido que houbo alí, creo que era no mes de febreiro, eu fun solo. Pregunteille a meu pai: "Papá como teño que ir alí?" Chamabamoslle Teiro, a meu pai nunca lle chamabamos papá nin a miña nai mamá. Teiro é un apócope de copeteiro. Todo o mundo lle chamaba Copeteiro. Nós eramos cativos e facía as copetas. Era primo da Pura a Copeteira da

Ribeira, o pai dela era Domingo que era irmán de meu avó Pedro López Pimentel que eran de Paradela, de Lugo. Pero alá non fixo dese traballo. Chamabamoslle Teiro e a miña nai Lela. E a quen chamabamos papá e mamá era aos meus avós maternos, que nos criamos con eles. A meu pai nunca papá nin á nai mamá.

— *Dicías que foras ao Betanzos ti so un día de antroido*

— Si, un día tomo un colectivo e deixoume aí nunha rúa, empecei a ver a calle Cabildo chea de cines, de negocios e de todo por alá. “Mire, yo voy a la calle Méjico pero no recuerdo...”. “La calle Méjico, bueno, mire este pasa por Entrerríos y yo le voy avisar”. E baixei e pensei por aquí ten que estar e vou camiñando, camiñando, e preguntoulle a alguen: “Mire, queda por una desas calles, vaya por ahí”. E de repente vou andando e vexo o letreiro Centro Betanzos. E cheguei alí.

— *Nunca foras co teu pai, non vos levaba alí?*

— Non, nunca fora con meu pai. Non, porque meu pai tiña a súa vida, nós eramos xoves, quen nos frenaba, daste conta?. Dezasete anos, alí...

— *E alí, de primeiras, cando chegas ao Centro Betanzos recordas quen rexía aquilo?*

— Si recordo, pero non lembro os nomes. Recordo todo. Despois xa fun. Tiña unha coral que se chamaba Os Rumorosos. Xa empecei a ir ao coro Os Rumorosos, xa, como eu xa sabía música, era o subdirector. Cando o director non podía dirixir os ensaios dirixía eu. Dirixin moitos coros incluso no Centro Gallego. José Corallini era o director, arxentino fillo de italianos, xa morreu tamén.

— *Os Rumorosos pertencía ao Centro Betanzos?*

— Si. Formárase no Centro Betanzos pero ao principio non fora do Centro Betanzos, simplemente lle deixaban ensaiar nunha sala. Ese coro desfaciase e tal, e daquela fixose cargo o Centro Betanzos.

— *O edificio era moi amplo*

— Si era moi amplo, tiña un fondo grande, de planta baixa, catorce ou quince habitacións onde había catro ou cinco sociedades galegas. Estaban os de Sada, os de Oleiros... Cun salón grande e unha pista bastante ampla que no San Roque usábase para bailar se facía bo tempo, senón no salón. Pero había como 25 ou máis sociedades que facían as reunións alí, poñíanse de acordo, porque cando viña a época do verán os picnics, esas cousas, entón reuníanse, poñíanse de acordo. Un día ían uns e outro día que estaba libre ían outros. Así costáballes menos pagar, daste conta? Tiña cafetería, cociña e restaurante.

— *E recordas daquela época cando chegas quen era o presidente?*

— Non me acordo do nome pero teño idea de si quen era. Non cho podo dicir. Despois xa no ano 44 ou 45 foi o Antonio Suárez Dopazo, o Carretero,



CARLOS LÓPEZ DIRIXINDO A CORAL “OS RUMOROSOS”.

que aínda vive, é da miña idade, lévame a min, boeno, seis meses, creo que cumpliu 78 en marzo.

— *Tiñas boa relación con el?*

— Con el, si moi boa. Era falangista aquí, boeno, pero mira, era outra época. Alí demostrouno, eh?. Era republicano ata decir basta. Ata unha vez chamouno o cónsul que quería facer unha reunión e el contestou ao teléfono estando eu ao lado del: “Mientras yo sea presidente del Centro Betanzos no nos reunimos con ningún miembro del Franquismo”. Pero en Betanzos..., eu tamén quería a camiseta de falangista porque me daban botas para xogar ao fútbol, a todo o mundo os enganaban así. Andaba de camisa azul, uniformado, si. Pero boeno, ao chegar alí, cambiou. Eu ademais quero moito. [Antón Suárez Dopazo faleceu en 2007]

— *Este home despois estivera no galeguismo...*

— Tamén. [Aquí hai un corte na cinta que non recolleu o resto da resposta]

— *A Castelao, que era presidente honorario do Betanzos, tamén o trataches.*

— Castelao creo que viñera, non sei se de Francia ou de México, creo que era de Francia.

— *E paraba no Betanzos?*

— Si, veu moitas veces, deu moitas conferencias, nos banquetes e todo eso. Era moi amigo meu, ademais estiven con el non sei se foi a noite antes de morrer ou dúas noites antes, estiven sentado ao lado del porque viña aos concertos.

— *Pero, no hospital?*

— Non, na casa, xa estaba na casa, xa.

— *Xa estaba desahuciado, non?*

— Si, xa estaba, ao día seguinte morreu ou aos dous días, eso non me recordo. Isto sería o 5 de xaneiro do 50, que eu estiven, eu era un chaval de 25 ou 26 anos e el xa tiña 64. Pero a min parecíame un vello, andaba como esa caricatura del, é exactamente, a boquilla aquí e o cigarrillo...

— *Sería a enfermidade, tamén...*

— Si, si, os pulmóns ou algo así, algunha cousa. El díxome así; sempre ía e felicitábame: “Neno

estudia moito, moito”, antes de morrer, “e dillo aos teus amigos galegos tamén porque a nosa Galicia depende de vós, os estudosos, e dilles que falen galego sempre porque galego non é falar mal, é falar diferente”. Así tal cual. Eu, cando empecei a estudar con ese compositor ruso Jacobo Ficher, pois pagáballe por clases, non?, e daquela non tiña cartos e díxome un día: “¿Porque non ves a don Manuel Puente?” Don Manuel Puente era unha das personalidades multimillonarias que tiña varios garaxes e ademais tiña xoiarías e axudáballe moito, ata compraralle un piso ou non sei se lle deixaba vivir gratis a el e mais a dona Virginia, tal, e coidábao moito. E daquela



CASTELAO E DON MANUEL PUENTE

díxome el: “Vaite ver a don Manuel Puente”. E funo ver e pedinlle mil pesetas. Porque el ía aos banquetes e decíame: “Si necesitas algo me vienes a ver, eh Carlos, me vienes a ver.” diciame don Manuel Puente. Non sei de que parte de Galicia era. Era un señor corpulento, cabezote, era bastante xeneroso. E daquela fun alí a onde me dixo, ao negocio de xoiaría e deume as mil pesetas. Recordo, porque eu era inimigo de pedir prestado nunca a nadie, e entón o primeiro que fixen fun a un restaurán e comín e despois xa lle paguei a meu mestre para todo o ano.

— Ao Ficher este?

— Ao Ficher, si, Jacobo Ficher, pagueille e díxome: “Pero no, Carlos, no, deixa, deixa, cuando me puedes pagar me pagas”. “No, no, yo quiero estar seguro”. Porque eso, meu pai tamén era inimigo de pedir nada e tamén era moi esixente.

— E eses cartos de don Manuel Puente eran un regalo ou era un préstamo...?

— Era un regalo, si, era un regalo, si, si, foi un regalo pero o que me estrañou foi que me fixo firmar un papel.

— Ao mellor para xustificar...

— Pero vas a ver que despois cho vou contar. Había outro señor que se chamaba José Abraira, que tamén morreu, que era de Lugo, e dixenlle eu: “Oeu, señor Abraira, de calquer maneira tócame o... este don Manuel Puente...” “Pero porqué Carlos?” “Porque fun alí e... non te preocupes, non te preocupes...”. E de vez en cando eu dicíalle: “Don Manuel non se preocupe, eu voulle pagar”. “Ti non lle pagues nada. El faiche ese papel porque ten medo que algún día sexas unha personalidade e el asume esa parte de...”

De calquer maneira axudoume, daste conta? Eso deume para seguir estudando un ano, comer ben e todas esas cousas. Eu nunca me dediquei aos cartos a facer cartos, é que nunca me interesaron, con tal de ter o suficiente, o demáis para qué, se vou morrer igual. Eu por exemplo xa fixen o testamento para deixarlle á miña filla todo, porque despois de morto...

— Casácheste en Buenos Aires?

— Si, caseime en Buenos Aires, pero xa levo moitos anos separado. [Carlos non parece ter moitas gañas hoxe de falar da súa vida sentimental, que debeu ser algo movida a xulgar polos comentarios que me fixo noutras ocasións.]

— E tiveches esta filla, Teresa...

— Esta filla, si, é a única que teño, xa ten 44 anos, naceu no 56.

— Volvendo a esa etapa da Coral Os Rumorosos, esta que dirixiches en varias ocasións...

— Non en varias ocasións, estiven case 40 anos.

— Xa, antes de ir a Franza e despois.

— Si, estiven seis anos en Franza. E Luis Seoane, que era meu padriño, case, ves? Ese debuxo fíxome el no ano 72, saeu na Voz de Galicia aquí. Cando foi que eu necesitaba cartos para ir a París despois da beca que me deu a Embaixada cultural de Franza, el moveuse con Eduardo Blanco-Amor, faláron con outros músicos arxentinos e poetas e me xuntaron uns cartos porque a beca non era en metálico, non? a viaxe tiña que pagala eu porque deixabanme estudar gratis nos conservatorios, na Schola Cantorum, no Conservatorio e comer nos restaurantes que son para estudantes, ir aos ensaios das orquestras gratis e todo iso; daquela el axudoume.

— Esa Coral Os Rumorosos que tipo de cousas...

— Cantábamos cousas populares, si porque eran afeccionados, sacando un en cada corda que sabía música, había que ensinarlles moito a poñer a voz e todo eso, a afinar e cantábamos cousas serias tamén, Negra Sombra, moitas cousas. E gañamos varios concursos alá, de todos os coros galegos, cos Rumorosos do Centro Betanzos. E despois eu e máis un argentino descendente de vascos, que se chamaba Isidro B. Maiztegui, que estivera aquí poñendo música a películas, entre el e máis eu creamos o coro do Centro Galego. Pero el xa tiña naquela época 77, xa morrería, tería agora cen anos ou máis. El estivo un ano.



CARLOS LÓPEZ NA REVISTA BETANZOS, Nº 58. BUENOS AIRES, 1962.

— *Polo Centro Galego tamén ías, logo...*

— Se eu fun cobrador do Centro Galego durante trinta e tantos anos, empregado de alí, empecei a traballar no 50 creo que foi e deixei no 84, eh!, era cobrador. Ese traballo porque era libre. Traballaba á mañá e

as tardes dedicábao ao meu. Sempre busquei traballos que me deran tempo para dedicarme á música.

— *Ías cobrando polas casas dos socios, non?*

— Si, si, polas casas e despois íamos os martes e os venres a levar todo a declaración dos turnos, non levabamos os cartos a menos que os bancos cerraran, daquela levabamolo ao Centro Galego, pero íamos aos bancos a depositalo e o papel da conta levabamolo ao Centro.

— *Coñeciches miles de galegos, cobrando polas casas.*

— Claro, polas casas, por todo. Chegou a ter máis de 110.000 socios. Xeralmente, a prioridade, galegos, pero inclusive había xudeos que sempre ían, porque tamén había algún médico xudío, arxentino pero de orixe xudía, había de todo, pero máis galegos, si. Aquelo estaba moi ben. Pero agora anda mal a cousa, porque claro anda mal todo. Como eu lles digo porque esaxeran un pouquiño, non? Ti les os periódicos, o que che din, Argentina, o consulado... Como sería se chegaban miles deles todolos días alí.

— *O Centro Betanzos tivo sempre unha orientación democrática, de defensa da República?*

— Si, si, dende o momento que eu estiven si, si, xa de entrada. Antifranquista, sempre, sempre. Mira, tanto é así que, o 18 de xullo, case sempre, que foi o día que empezou a guerra do 36, este... [*levántase a buscar algo*] Ves? estas son as miñas netas xemelgas. Xa teñen agora once anos. Sempre estou para coller estas fotos e gardalas, pero eu quero velas. Ben, pero eu o que che quería ensinar era outra cousa. Isto. [*Trae unha foto da placa das vítimas betanceiras do 36*] Hai quen nega... porque unha vez estiven eu aquí en Betanzos cunhas rapazas ás que eu lles quero

ben, que eran as de Curiel, e estábamos alí no Tuvera, no Rollo, e empezamos a falar diso; claro, e eu sabes?, póñome verde de demócrata cando me falan diso. Dixen eu: "Aquí mataron a máis de trinta personas inocentes por solamente pensar diferente". Aquí tes, pero claro era máis grande, eh? Veñen todos os que fusilaron que se puideron recoñecer. E di aquí "Betanzos honra a sus mártires caídos en defensa de la República, 1936-1939". 1955, non non, este foi o ano en que se colocou o cadro. Ben, pois o 18 de xullo, se caía sábado, ao anoitecer, ou domingo xeralmente a mediodía, cantaba o coro alí na entrada onde estaba o cadro, había unhas cincoenta ou cen persoas e terminaba co himno galego. A estas mulleres que che contei, dixenlles "máis de treinta y tres". "¡Eso es mentira, eso es un invento!". E mira os que hai aquí. [*Carlos comeza a ler a lista dos nomes que figuran na placa*]. Ben, aquí hai 33 se ti o queres ter en conta podelo facer ampliado para ti, eh, déixocho pero non mo perdas.<sup>1</sup>

— *Falando desa etapa do Centro Betanzos, despois do Carretero este do presidente, a quen recordas?*

— Si, boeno, houbo moitos, o último ese que era daí de... boeno, naceu na Argentina pero é irmán do Carlos de Guiliade. (*reférese a Osvaldo Dans*).

— *Este é máis recente*

— Si pero leva moitos anos, levaba como vinte de presidente alí.

— *Antes de Beade, por exemplo, quen estivera?*

— Beade? Beade non foi presidente. Ultimamente creo que foi, pero foi sempre secretario, porque era o que máis traballaba. Pero foi despois do Carretero. Beade, xa sabes quen é, de esquerdas, despois en contacto sempre coa Federación Sociedades Gallegas. Pero alí sempre foron republicanos.

*A conversa extendese cara outros persoeiros da colectividade que coñeceu e tratou en Buenos Aires: Eduardo Blanco-Amor, Avelino Díaz, Alonso Ríos, Alberto Vilanova ou o sadense Suárez Picallo.*

*En 1984 Carlos regresou definitivamente a Betanzos. Non deixou de compoñer música e presidiu a Asociación Galega de Compositores. Sobre a súa actividade musical e compositiva véxase o número anterior de A Xanela.*

1. No ano 2007 colocouse en Betanzos unha réplica desta placa, na entrada do Museo das Mariñas, por iniciativa da Asociación Cultural Eira Vella.

## Catro ópticas distintas para a orixinalidade

**Xosé Luis Sobrino**

Nesta ocasión ímonos a centrar na proposta musical de dous grupos e dous compositores galegos. Os seus camiños creativos discorren por camiños moi diferentes, dende un pop festeiro con inclinacións funk no caso do lucense David Taboada, pasando por unha música de autor con claras influencias de autores americanos exemplificado no último traballo discográfico do coruñés Luis Moro. Nas composicións de Misterioso Viaje a Holanda unha mostra dun pop vangardista, que se deixa caer por intres en regatos de certo intimismo e lirismo na liña do que están a facer na actualidade outras bandas do estado español. Finalmente nas coordenadas da música tradicional con aportacións propias encadramos o último traballo de Fiandola, no que recollen parte do legado do seu debut discográfico outorgándolle algunha que outra nota novedosa.




### David Taboada “Tal Cual”.

David Taboada é un autor lucense que destaca pola súa vertente polifacética, na que amosa un pop capaz de enganchar con facilidade, aderezado ás veces cunha vea satírica propia de estilos e cantautores doutras épocas. A súa proposta acostuma partir de historias cotiás para enganchar ao público, adoptando despois diferentes ritmos, pop, funk, baladas ou mesmo entroncando con propostas musicais dos anos oitenta.

David Taboada amosa no directo toda esta heteroxeneidade, amosando unha vertente de auténtico showman e conductor de ceremonias. No disco predominan as letras en castelán, pero ten composicións nas que o galego se converte en lingua de transmisión logrando ademáis crear auténticos himnos, tal é o caso do segundo corte do disco, o tema “Chove, chove”, unha visión da poliédrica realidade actual de Galicia a ritmo de acordes pop. Canción que doadamente podería

converterse en referente cultural galego e himno festivo da mocidade, ao igual que aconteceu con outros grupos nos 90 de contar co apoio e difusión axeitadas. Algo similar ocorre co tema “Espero” que se converte nun canto de esperanza fronte á monotónía. Pero David Taboada é quen de ofrecer unha visión máis íntima neste disco, como no tema “Silencio” no que desfilan unha serie de ensoñacións ante a ausencia do ser amado, estas acaban derivando cara a unha balada con estribillos docemente asimilables. En “Newton vs Eva” Taboada situase na liña do mellor rock independente español. Cunha letra brillante, chea de frases e música para lembrar nas que se contraponen os conceptos de relixión e ciencia. Outro exemplo da variedade rítmica abordada polo autor lucense á a do tema “La gripe” escrito a golpe de ritmos rumba-pop, utilizados para contar a





historia dunha fin de semana que prometía e que se trunca pola enfermidade.

O disco péchase cun tema cargado de ironía no que se louvan as virtudes e intelixencia dun can, na liña de grupos dos 70 e 80 como La Mandragora.

En síntese estamos ante o brillante debut dun músico da terra, capaz de compoñer en galego e castelán e de manexarse con distintos ritmos e rexistros cunha soltura e brillantez que fan albiscar grandes esperanzas e expectativas de cal será a súa evolución no seguinte traballo discográfico.

## Luis Moro “Carnaval Humano”

Quinto traballo de estudio do músico coruñés Luis Moro. Nel dase un xiro respecto a anteriores discos. O seu particular “Carnaval Humano” comeza cun ritmo hipnótico á semellanza dos californianos The Doors, íntimo, lisérxico, e suxerente. O tema “Viento y ocaso” representa unha boa carta de presentación do que pretende Luis Moro con este disco, facer unha homenaxe dende a súa particular visión a moitos dos referentes da música americana das últimas décadas. Ese tema e o seguinte serven para marcar as pautas rítmicas dun disco intimista, de autor, labrado pola poesía, as letras de autor e a música como complemento para dar un maior realce ao que se pretende transmitir, que ben poderían ser atmosferas e ambientes como se dun film de David Lynch se tratase.

Todo isto sen caer nun conceptismo excesivo que envolva a mensaxe facéndoa indescifrable “Quizá no el momento” é boa mostra diso. A súa inclinación pola música americana, interpretada a golpe de ritmos acústicos vólvese a deixar notar en “El año”, viaxe íntima a tempos pasados.

A literatura corre polos sucos deste disco, así Benjamin Sachs, personaxe da novela Leviatán de Paul Auster, faise merecente de contar cun tema propio neste particular entroido humano.

Con esta configuración previa, a nostalgia aparece de cando en vez, sen deixar de asomar a cabeza entre as cancións como en “La distancia”. A enerxía retomase no tema que da nome ao disco, onde Luis Moro continua a mergullarse no seu particular universo de historias persoais, pero universais en moitos dos casos.

En total son doce os cortes nos que Moro afonda nas distintas dimensións do ser humano, conformándoas e expresándoas dun xeito persoal, íntimo e emparentado coa mística literaria, tanto nos ritmos como nos temas abordados. O ton dos cortes é bastante uniforme dándolle maior coherencia ao resultado proxectado na concepción do disco.

## Misterioso viaje a Holanda “Nunca taxi”.

Primeiro traballo discográfico deste grupo coruñés que comezaba a súa andaina musical no ano 2007, data na que se alza co primeiro premio do concurso NovaXove Music. Isto serviría de pulo para gravar o seu álbum de debut “Nunca Taxi”.

No seu son deixase notar a influencia de pop británico e podemos ver tamén algunha que outra semellanza con bandas independentes nacionais que decidiron percorrer sendas parecidas.

A propia banda recoñece influencias das primeiras etapas de McCartney, Ray Davies, Elton John, ou ben de Pink Floyd, The Smiths, Radiohead, Super Furry Animals, Manic Street Preachers, Starsailor, Midlake.





O resultado é unha banda galega, con proxección estatal e influencias de bandas internacionais.

O disco está editado coa discográfica independente Ernie Records e entre outras curiosidades figura a de que foi editado nos míticos estudos londinenses de Abbey Road.

O ton é uniforme, baseado en ritmos pop, que por intres escintilan para ofrecer momentos dunha maior brillantez como no caso do tema “El final de la gloria”, exquisita peza de pop que ben podería ser o emblema deste grupo con vocación de traspasar fronteiras. O tema “Hoy” é outro aspirante a ser single de lanzamento e outro bo exemplo de que o pop coruñés atravesa por momentos unha época dourada e que o caso de Xoel López non tería porque ser un caso aillado, e que tras del poderían vir representantes dignos de sucedelo como é o caso de Misterioso Viaje a Holanda.

A mestura de influencias recoñecida polo propio grupo danos neste cd de debut unha visión variada pero ao mesmo tempo uniforme, aglutinadora, pois son capaces de transmitir a idea dun son propio trala escoita, pero sen caer na monotonía.

Estribillos que beben do pop británico como no caso de “Silencio imperfecto”, melodías que cautivan como a que acompaña o tema “A 200”, van dando forma a este traballo redondo, dun grupo coruñés chamado a facer grandes cousas no panorama nacional. Mostra diso é que este traballo xa foi apadriñado por José María Rey de Radio Nacional de España-Radio 3.

## Fiandola “Mimá”

Segundo traballo do grupo Fiandola que tras Bricania nos ofrece un novo traballo que leva por título Mimá. A formación conta nas súas filas con músicos betanceiros como Cristina Sánchez Veiga ou Fran López, entre os seis compoñentes que lle dan personalidade a esta formación musical.

Santiago de Compostela é a súa sede de operacións por ser o lugar no que algúns se coñeceron na época estudiantil e o que xeográficamente máis prestaba para facer as xuntanzas onde se xestou este traballo discográfico.

En canto ao grupo podemos dicir que Fiandola é un grupo adicado á música con instrumentos de raiz e que polo tanto basea o seu repertorio na música tradicional (recollida gracias ó traballo de campo realizado polos seus compoñentes) e nas músicas de nova composición.

Neste disco teñen un peso predominante as pezas instrumentais se ben o grupo obsequianos con dous temas con presenza vocal, que serían o que abre o disco “Brasil” no que saben transmitir a esencia das cantigas populares co estribillo “e vai, e vai, e vai ao Brasil e vai, tamén eu hei de ir. E vai a Montevideo, e vai, e vai tamén hei de ir eu”.

Algo similar ao efecto conseguido co tema “Carmíña” outro dos cortes con aportacións vocais do disco. “A amora” é o derradeiro corte tamén con aportacións vocais.

As pezas interpretadas de diferentes xeitos e maneiras xogando con distintas variacións na formación musical que van dende composicións como grupo tradicional de pandereteiras ou o gaitero solista a novas formas coma o cuarteto, a charanga ou murga, ou grupo folc moderno. Consequindo en síntese, coa utilización de distintas fórmulas musicais e coa edición deste novo traballo, unha selección de pezas variadas e agradables ao oído e entendemento.



# As novas que nos chegan

Baraxeiro

**TRAIZÓN CONSAGRADA** de **Luis A. Cortiñas** é a edición recuperada por Eira Vella do libro que este avogado e republicano betanceiro publicara en 1958 na Arxentina, a onde se exiliara logo de saír dos cárceres franquistas en 1941 e que, por razóns obvias, non circulou no seu momento entre nós, sendo practicamente descoñecido. A presente edición en lingua galega vai arrequecida cun limiar de Xesús Torres sobre a figura do autor e algunha documentación gráfica. Cortiñas conta as peripecias sufridas durante a súa detención, proceso e estadia no manicomio de Conxo e nas prisións da Coruña e de Pamplona, ao tempo que fai a súa interpretación de “A gran derrota do pobo hispano”, como subtítulo o libro.

**A HISTORIA SECUESTRADA POLO FRANQUISMO** de **Manuel Monge** é un libro que incide no proceso de ocultación a que someteu o franquismo a historia real que se sufriu despois do golpe militar de 1936 en Galiza, onde non chegou a haber guerra civil e si un xenocidio planificado, unha historia que aínda hoxe é negada e está a ser desvelada paseniño.

Podemos diferenciar catro partes neste libro: na primeira o autor xeneraliza sobre os crimes do franquismo e os autos do xuíz Garzón; a segunda fai un repaso sobre o nacemento da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (entidade que Monge preside neste intre) e os actos e campañas que ven desenvolvendo na Coruña e a súa área de influencia. A terceira é un relatorio dos problemas que houbo na Coruña para o cambio e eliminación da simboloxía e nomes relacionados co Franquismo en aplicación da Lei de Memoria Histórica, sobre a que fai unha visión crítica, rematando cos tabúes que aínda pesan sobre este tema. Editado por Edicións Laiovento este libro é unha ferramenta moi útil para informarse e comprobar que as cousas poden cambiar co apoio dun movemento cívico potente e activo, como é a propia CMRH.

**SOBRE A POESÍA ÚLTIMA DE MANUEL MARÍA (1976-1995)** recolle diversos traballos que **Manuel López Foxo**, ven adicando á obra do poeta da Terra Cha, unha obra que considera espléndida e de variados rexistros ao tempo que non suficientemente valorada e coñecida, mesmo polos estudosos e a crítica.

López Foxo, quen mantivo estreita amizade con Manuel María, lévalle adicado ao poeta unha chea de artigos e traballos dende hai trinta anos. É, pois, o seu un coñecemento profundo da obra de Manuel María. Prexuízos políticos e culturais actuaron para este descoñecemento e infravaloración deste último ciclo creativo, que corresponde coas obras que conforman o segundo volume da súa Obra Poética Completa que publicara Espiral Maior.

A publicación leva na capa unha fermosa ilustración de Felipe Senén e está editada na colección Cadernos-Ensaio de Edicións Laiovento.

**SER AUGA, DARSE EN AUGA, Medio século: 1958-2008**, recolle unha axeitada e completa selección de cincuenta anos de obra poética de **Bernardino Graña**, poeta do mar de Cangas do Morrazo, vila onde naceu en 1932. A escolma, introducción e edición débense ao estudioso e tamén poeta **Miro Villar**. O libro, luxosamente editado polo Centro PEN de Galicia, fai o número 17 da colección “Arte de Trobar” e constitúe unha boa referencia para achegarse á obra poética dun autor fundamental na poesía galega contemporánea. Na capa loce un óleo de Correa Corredoira e no interior un retrato do poeta por Camilo Caamaño.





**MORTE EN FUCSIA**, é a obra prima de **Elena Veiga Rilo** (Guísamo, 1991), novela coa que acadou o VI Premio Biblos-Pazos de Galicia para menores de 25 anos e que ven de ser editada por Biblos Clube de Lectores na súa colección Mandaio. A novela parte dunha confesión de asasinato ante un crego e vai desenvolvendo unha trama que ten a virtualidade da Internet como fío condutor. Para o xurado que a premiou a autora “fai unha crítica mordaz e irreverente da sociedade cun estilo ousado e mesmo descarado, propio dunha nova xeración Feisbuc.” Saudamos e felicitamos a unha nova escritora das Mariñas, quen ademais se estreia neste número como unha nova colaboradora de A Xanela.



**AS 4 ALDEAS**, Revista da Sociedade cultural, recreativa e deportiva Fillos de Ois (pódese consultar en [www.fillosdeois.org](http://www.fillosdeois.org)), do viciño concello de Coirós, publicou o número 51 no pasado decembro e o 52 neste mes de maio.

No primeiro, aparte das noticias sociais, atopamos “Un viaje a Coirós”, do poeta arxentino con raíces neste concello Carlos Penelas, quen estivo de visita recentemente. Manuel Fiaño trata a historia das “Sociedades de gando vacún no Concello de Coirós” no traballo máis extenso desta modesta publicación de doce páxinas. Xosé Tomé fala sobre a “Contaminación do Mandeo” provocada por unha planta de residuos en Sobrado dos Monxes á beira do nacemento do río. Por último, Fernando Bandín, no artigo “Historias da Mafía”, trata das estratexias dos cucos e as pegas.

O número máis recente dedica portada a Lois Pereiro, homenaxeado no Día das Letras e no interior recolle unha súa biografía. As comunidades educativas das escolas de Fontelo e Coirós dan conta da “adopción” dun tramo do río Vexo. Miguel Gayoso trata das pontes que hai nos ríos Fervenzas e Mandeo nos arredores de Ois. Bandín fala da entidade conservacionista Fragas do Mandeo. Pecha a publicación Manuel Fiaño, quen se refere á Exposición Rexional de gando de Betanzos en 1952.



**LUIS SEOANE EN COMPOSTELA E OUTROS ENSAIOS** é un novo volume de **Antón Capelán**, que recolle cinco ensaios arredor de escritores galegos de diferentes xeracións mais relacionados entre eles. Eis os ensaios: “Un aspecto da propaganda franquista: Vicente Risco contra Jacques Maritain”, “A matanza de Oseira en Xente ao lonxe”, e “Celso Emilio Ferreiro cara á ‘Terra prometida’: as súas crónicas periodísticas da viaxe a Venezuela”, ademais dos dous centrados en Luis Seoane e que dan título ao libro: “Luis Seoane en Compostela. Primeiras acometidas contra a torre de marfil” e “Luis Seoane visto por Eduardo Blanco-Amor”. Capelán é un analista crítico que revisita a prensa e publicacións da época que estuda para analizar con rigor os feitos e relacións.



**ESPUMA DOS DÍAS ÚTEIS** é a nova obra do escritor portugués **Cristino Cortes**, fundamentalmente poeta, aínda que neste libro que leva o subtítulo de **TALVEZ DIÁRIO (1979-2009)** pretende reflexar trinta anos de percurso literario do autor ao tempo que rexistra as súas impresións de escritor e a súa visión das cousas que atinxen á actividade literaria.

Neses trinta anos de percurso o autor escolle, a xeito de diario, datas moi concretas e localizadas en diversos puntos do país (a aldea natal, a cidade próxima, a capital Lisboa, localidades de viciñanza, a casa actual), escolmando esa “espuma dos días úteis”. Ademais, nos anos correspondentes á publicación dos seus libros aproveita para escoller un poema, conformando deste xeito tamén unha pequena e persoal antoloxía da súa poética.



**MUSEO DAS MARIÑAS**  
-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto tódolos días  
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.



**aula nova**  
ACADEMIA **BETANZOS**

CENTRO HOMOLOGADO  
XUNTA DE GALICIA  
FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/ Rollo, 32-baixo  
15300 Betanzos  
Tel./Fax 981 77 30 07  
aulain@aulain.e.telefonica.net

**¡YA EN TU QUIOSCO!**

**Restauro**  
REVISTA INTERNACIONAL DEL PATRIMONIO HISTÓRICO

www.revistarestauro.com

MIGUEL ÁNGEL BERMÚDEZ RODRÍGUEZ  
ALFREDO ESPADA ÁLVAREZ

RÚA PINTOR SEJO RUBIO, 23 C  
981 77 02 49 - 609 85 88 46  
eysergalicia@terra.es  
www.eysergalicia.biz

**ENXEÑERÍA E TOPOGRAFÍA  
EYSER GALICIA S.L.**

TOPOGRAFÍA EN XERAL  
MEDICIÓN DE FINCAS  
PROXECTOS  
INFORMES

PARTIXAS  
VALORACIÓNS  
ASESORAMENTO TÉCNICO  
DOCUMENTOS DE COMPRA-VENTA  
CORRECCIÓNS DE ERROS NO CATASTRO  
ALTERACIÓNS NO CATASTRO - FÍSICOS E XURÍDICOS

**PAPELERÍA · LIBRERÍA  
REGALOS · IMPORTACIÓN**

**ESTANCO**

Valdoncel, 91 (Ponte Nova)  
Tel. 981 770201  
BETANZOS



**Lanzós**  
BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S

MARÍA JOSÉ MARIÑO BARRAL  
MANUEL DÍAZ PEÑA

**alza2**  
ARQUITECTURA E INGENIERÍA

RÚA PINTOR SEIJO RUBIO, 23 C  
981 77 06 71 - 660 22 76 19 - 696 83 65 30  
alza2@alza2.net www.alza2.net



Plaza Alfonso IX, 10  
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**dp**

movil  
695 269 485  
fax-tel.  
981 77 45 19  
Rúa Venezuela 11- 13 Atico eza.  
15300 B E T A N Z O S (A Coruña)  
oficina.doporto@coeatac.com

**do porto**  
santos

X. Isidro

Arquitecto  
Técnico

Técnico Superior en PRL  
Agente de la Inspección de Trabajo

**Ollós**  
GABINETE OPTICO

Rollo, 21  
Betanzos  
info@ollós.net  
Tifno. 981 775 194

**DONÍN**

LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)  
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@libreriadonin.com

**FERRETERÍA**  
**ROQUE**  
**MENAXE**

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: *CAMPING-GAS*  
*COPIA DE CHAVES*  
*CERRALLERÍA · FERRAXES*

Avda. Xesús García Naveira, 36  
Tel. 981 773253 · BETANZOS



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10  
B E T A N Z O S

R/ Valdonce, 16  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 774798

MARÍA LÓPEZ JUNQUERA

JORGE DÍAZ SÁNCHEZ

clínica veterinaria

**valdoncel**




Tienda multimarca

**TROULA**

Rosalía de Castro, 6 · Betanzos · Tel. 981 774 590 · troula@terra.es



EIRA VELLA



*Asociación Cultural*  
BETANZOS